

Gasolineira ao lado do colexio Que loucura é esta?



Outras nais/pais o conseguiron

A ANPA Brigantium considera **unha agresión** a instalación dunha gasolineira dentro da zona escolar xusto no medio do Vales Villamarín, a gardería e o novo colexio de infantil, aínda sen construír, pero xa proxectado.

CxB, BNG, PP e PSOE, xa lle amosaron á ANPA a súa desconformidade coa actual ubicación da gasolineira.

A ANPA, pola súa parte, está en contacto con medios xurídicos para levar a cabo as súas propias alegacións. Pero ante a posibilidade de que isto non sexa suficiente, xa está traballando en futuras mobilizacións que irán dende a recollida de firmas ata a convocatoria de manifestacións na rúa, polo que lle pide aos pais que estean atentos a calquera chamamento que se lle faga.

A ANPA entende que independentemente de que a lexislación vixente non prohiba a construción dunha gasolineira nas inmediacións dun colexio, este é un tema de vontade política, neste caso de vontade da Alcaldía, xa que todos os partidos políticos están en contra desta **agresión** á comunidade educativa.

Resumo Asemblea inicio de curso 2011-2011

O 30 de setembro tivo lugar a asemblea de inicio de curso da ANPA Brigantium, á que acudiron, máis que nunca, nais/pais preocupado polo ensino público e concretamente polo problemas asociados ao CEIP Vales Villamarín.

A asemblea resultou ser moi enriquecedora e as nais/pais interviñeron de forma continua ao longo da mesma, amosando así un alto grado de compromiso, coa escola dos seus fillos.

A masificación do colexio e todos os problemas que esta masificación carrega foi, como vén sendo habitual, o eixo do debate: falta de aulas (ata o punto de que hai instaladas mesas nos corredores do edificio para atender algúns nenos), falta de recursos físicos, falta de atención aos nenos con necesidades educativas, aulas por riba da ratio, falta de limpeza nos aseos, masificación do comedor, falta de instalacións para actividades extraescolares, falta de profesorado, etc.. Neste último caso a Consellería de Educación cumpre co establecido no catálogo de profesorado, pero desatende a particularidade deste centro masificado, e dicir, os mestres asignanse por número de aulas e non por número de alumnos.

A máis que probable creación de 3 aulas prefabricadas, a modo de casetas no próximo curso, tamén estivo presente de forma moi viva na asemblea.



Por outra banda, a posible ubicación dunha gasolineira a menos de 50 metros do colexio foi motivo de indignación e mofa no devir de asemblea. A xunta directiva da ANPA explicou a situación e informou das medidas que vai tomar. Informou tamén que o Consello Escolar Municipal (CEM) celebrado o 29 de setembro, posicionouse, unanimemente, a petición da ANPA, en contra da ubicación actual desta instalación tan nociva para a saúde, sobre todo para a saúde dos máis pequenos. Dicir que no CEM estaban representados os equipos directivos dos colexios e institutos de Betanzos, os profesores (a través dos sindicatos), os pais (a través das ANPAs), os alumnos (representantes IES), a Inspección Educativa e representantes da Corporación Municipal, encabezada polo Alcalde de Betanzos.

Os pais tamén fixeron aportacións dentro do apartado de suxestión e preguntas, destacando entre outras a súa preocupación polo plan de emerxencias e os simulacros de evacuación, pola medidas de presión a tomar cara á construción do novo colexio ou polo estado de limpeza do aseos aos que simplemente en horario de 14:00 a 16:00, asisten 130 rapaces.

Charla para nais e pais a cargo do Equipo Directivo do Colexio

A Dirección do CEIP Fco. Vales Villamarín accedeu á petición da ANPA de levar a cabo unha xornada cos pais para explicarlles de primeira man todas as dificultades asociadas ao colexio, non só dende o punto de vista da masificación das aulas, senón tamén de como esta masificación afecta ao funcionamento do colexio en todas as súas facetas: dende a parte pedagóxica, ata a súa influencia no transporte escolar, por poñer un exemplo.

A charla, que se celebrará ao longo do mes de outubro, nunha data aínda sen determinar, dará ás nais/pais a oportunidade de aclarar de primeira man todas as dúbidas que teñan, así como a oportunidade de prantexar calquera suxestión que estimen oportuna.

Actividades extraescolares 2011-2012

O pasado 3 de outubro deron comezo as actividades extraescolares no CEIP Fco. Vales Villamarín.

Máis de 360 rapaces, a data de hoxe, pasaron pola Secretaría do Centro para inscribirse nas diferentes modalidades que se ofertan. Toda unha “avalancha” tendo en conta as previsión da ANPA e as instalacións de que dispón este masificado centro (escasas e inapropiadas, nalgún caso).

A vontade da ANPA foi sempre dar cabida a tódolos nenos/as interesados, pero a falta de instalación levounos a tomar a decisión de deixar fora a algúns nenos/as que botaron a súa inscrición fora de prazo. Nos outros casos, onde a instalación o permitía a decisión foi aumentar o número de monitores.

A día de hoxe temos saturadas as actividades de Karate (4-6), Patinaxe (3-7), Ximnasia Rítmica (3-5) e (6 anos) e Psicomotricidade (3-6). Sen embargo Tiro con Arco, Banda de Música e Baloncesto estiveron por debaixo

das previsión, mentres que Fútbol Sala e Ximnasia encóntranse entre as actividades máis solicitadas

Ben é certo que se están a producir algunhas baixas, principalmente, por incompatibilidade de horarios con outras actividades, o que pode significar que no mes de novembro haxa algunha vacante nas actividades masificadas.

En cando remate o mes de outubro estaremos en disposición de saber exactamente cantos nenos/as temos e cantas vacantes dispoñibles hai. Algo moi importante dado que hai nenos en lista de espera.

O día 20 de outubro remata o prazo oficial de pago das actividades, segundo se comunicou aos pais. As condicións e forma de pago foron entregadas polos monitores en cada actividades, pero tamén están á vosa disposición no noso blog.

Este último paragrafo é para agradecerlle á Dirección do Colexio todo o seu inestimable apoio neste tema.

ACTIVIDADES	Grupos (anos)	Hora	Instalacións				
			Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
BASKET	5 – 7	4-5H	Pavillón		Pavillón		
	8 – 9						
	10 – 12	5-6H					
F. SALA	4 – 6	5-6H		Pavillón		Pavillón	
	7 – 9	6-7H					
	10 – 12	7-8H					
XIMNASIA	3 – 5	5-6H	Pavillón IES		Pavillón IES		Pavillón
	6	4-5H					
	7 – 8	4-5H					
	9 – 12	5-6H					
PATINAXE	3 – 7	5-6H	Patio cuberto			Patio cuberto	
	8 – 12	4-5H					
BAILE	3 – 12	4-5H		Ed.Primaria		Ed.Primaria	
TEATRO	3-12	5-6H					
KARATE	4 – 6	4-5H	Ed.Primaria		Ed.Primaria		
	7 – 12	4-5H					
PSICOM.	3 – 6	4-5H				Pavillón	
ATLETISMO	6 – 12	6-7H	Pavillón		Pavillón		
TIRO ARCO	6 – 12	5-6H		Patio c.	Patio c.		
BANDA	8 – 12	4-5H			Ed.Infantil		Ed.Primaria



Consulta máis información no noso blog

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: [anpabrigantium](#)

anpabrigantium@gmail.com